

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e CEP analizan como atraer e conservar o talento

- ✓ Ambas institución abordarán a coñecida como “grande renuncia”, así como as opción que teñen as empresas para conservar o seu valioso capital humano, dando lugar á “grande retención”.

Vigo, 8 de marzo de 2023.- Os retos actuais na xestión de talento e como as empresas poden adaptarse para atraer e conservar aos mellores profesionais é o punto de partida da xornada “O futuro da xestión do talento: Da grande renuncia á grande retención”, organizada conxuntamente polo **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG)** e a **Confederación Empresarial de Pontevedra (CEP)**.

A cita terá lugar na sede da Confederación (Avda. García Barbón, 104 | 36201 Vigo) este venres 10 de marzo ás 9:30 horas.

Discutirase como evitar a perda de efectivos e, no seu lugar, lograr unha maior fidelización. Para elo, abordaranse temas como o liderado, a cultura empresarial e a tecnoloxía. Tamén se discutirá como a diversidade e a inclusión poden axudar a mellorar a retención do talento.

Intervirán **Cristina Martín Vázquez**, directora de Recursos Humanos de *Optare Solutions*; **Emilio Pérez Troncoso**, responsable de Desenvolvemento Profesional e Profesor de Dirección de Recursos Humanos da Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE) e Presidente de Aedipe Galicia, e **Ana María Entenza Vidal**, directora de proxectos da Área de Formación e Desenvolvemento e da Área de Captación de Talento de EGA Consultores. O evento estará moderado por Julio Pérez Domínguez, xefe da sección de Economía do Faro de Vigo.

Cabe sinalar que decembro de 2022 pechou con 4.651 postos de traballo non ocupados en Galicia, o terceiro peor dato desde a irrupción da pandemia da COVID-19, segundo os datos da última Enquisa Trimestral de Custe Laboral (ETCL), publicada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

Contactos para medios de comunicación:

Haydée Vence Araujo | 986 439 611 - Ext. 52002 | comunicacion@cep.es

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia | 699 908 968 | copgalicia@copgalicia.gal

En toda España, o último trimestre do exercicio pasado concluíu con 143.876 vacantes sen cubrir, das que 131.194 pertencen ao sector servizos; 7.762 á industria, e 4.919 á construción.

Ademais, producíronse cerca de 125.000 dimensións a nivel nacional, das que dúas de casa tres foron formuladas por traballadores con contrato indefinido, todo un récord histórico de baixas voluntarias, de acordo cos datos de filiación media do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións.

Ambas circunstancias déronse no marco dunha actividade económica e un mercado laboral marcados por un forte incremento do IPC, motivado, en parte, pola crise enerxética, e a incerteza xerada pola guerra de Ucraína, entre outros factores.

Se as baixas voluntarias e enmarcan dentro dunha tendencia global que os expertos bautizaron como “a grande renuncia”, a incapacidade de cubrir as vacantes laborais nos sectores de actividade é un problema de consideración para o empresariado, que debe acometer o reto de atraer e de aprender a conservar o talento.

Este encontro responde á necesidade de atopar solucións aos desafíos que plantexa a atracción e conservación do talento na nosa comunidade. A preocupación en torno ao desaxuste existente entre a oferta e a demanda do emprego intensificouse no últimos tempos, especialmente polo sobrecalentamento do mercado laboral a raíz da pandemia.

Contactos para medios de comunicación:

Haydée Vence Araujo | 986 439 611 - Ext. 52002 | comunicacion@cep.es

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia | 699 908 968 | copgalicia@copgalicia.gal